Arteixo / Educación

Campamentos Nadal 2026

CAMPAMENTO CONCILIA

Requisitos:

- Rapazada de 4º, 5º e 6º de infantil e de 1º a 6º de Primaria empadroada.
  Non empadroados: confirmarase dispoñibilidade de praza.

Normas xerais de aplicación a esta convocatoria de preinscrición:

- As persoas interesadas poderán formalizar a preinscrición de maneira presencial nas dependencias de Educación ou a través de correo electrónico (educacion@arteixo.org) do **23 ao 30 de novembro. Deberán poñer no asunto campamento Nadal 2026**
- Deberán adxuntar o impreso de solicitude.
- A formalización da matrícula (solicitude de recibo ao departamento de educación e pago do mesmo) será do **1 ao 4 de decembro de 2026**.

TEMÁTICA – "A VILA MÁXICA DO NADAL"

Nun lugar escondido entre montañas nevadas existe unha vila moi especial: A Vila Máxica do Nadal.
Nela viven personaxes fantásticas encargadas de manter viva a maxia destas datas. Cada recuncho cumpre unha función:
a praza das cores, o bosque encantado, a torre das campás, a fábrica das ilusións e a praza dos desexos.
Este ano aconteceu algo inesperado: a estrela que ilumina a vila perdeu o seu brillo e, con el, foron desaparecendo as cores, a música e a alegría do Nadal.
A alcaldesa enviou unha invitación urxente ás crianzas para que se convertan nos seus novos habitantes e axuden a recuperar a maxia.

Cada xornada visitarán un espazo distinto, coñecerán unha misión e participarán en xogos variados, propostas creativas e actividades de cooperación. Ao finalizar cada misión recuperarán unha das oito pezas da estrela, que se gardarán ata a celebración final.
O mural colectivo da vila crecerá día a día coas creacións das crianzas. Na última xornada, as oito pezas formarán de novo a estrela e devolverán a luz á Vila Máxica do Nadal.

DÍA 1. 22 DE DECEMBRO. BENVIDOS Á VILA MÁXICA

A alcaldesa recibe aos novos habitantes: antes de entrar na vila deberán descubrir como orientarse e crear o seu primeiro fogar.

Contacontos: O misterio da estrela apagada. Narración participativa con preguntas e pequenas decisións que permiten comprender a misión común.

Obradoiro colectivo: Construímos a nosa vila. Elaboración dun mural de gran formato con nome da vila, rúas, camiños, praza, bosque e espazos que irán completándose durante o campamento.

Xogo de exploración: O mapa desaparecido. En pequenos grupos, localizan símbolos agochados no espazo e colócanos no plano da vila. Cada símbolo revela unha zona do mapa.

Manualidade: A miña casiña máxica. Cada crianza deseña unha casa de cartolina, engade portas, ventás e o seu nome, e sitúaa no barrio do mural.

Misión cumprida: Conseguimos a primeira peza da estrela.

DÍA 2. 23 DE DECEMBRO. A PRAZA DAS CORES PERDIDAS

A praza amenceu sen cor. Os seus comerciantes piden axuda para recuperala mediante a observación e a creatividade.

Xogos co paracaídas de cores

Xogo de expresión: Estatuas. Cando soa a música, as crianzas móvense libremente cando para teñen que representar diferentes formas.

Obradoiro colectivo: Facemos a luces de nadal da nosa vila e as poñemos no mural. Misión cumprida: A praza volve encherse de cores e aparece a segunda peza.

Manualidade: Facemos as botas de nadal para que papa Noel nos traían os agasallos.

DÍA 3 · 28 DE DECEMBRO. O BOSQUE DOS SERES ENCANTADOS

No bosque, as árbores perderon as súas follas máxicas. Os seres que o habitan precisan recuperar os seus sinais.
Xogo de orientación: As pegadas do bosque. Seguen un rastro de pegadas e indicacións visuais para atopar catro animais ocultos. Cada animal propón unha proba distinta de imitación, escoita ou observación.
Obradoiro colectivo: A árbore das nosas mans. Construímos unha grande árbore para o mural utilizando siluetas ou estampas de mans en tons verdes e motivos de papel. Pegamolo no mural.
Actividade narrativa: O segredo da árbore. Historia interactiva na que as crianzas escollen como axudar ao bosque e propoñen un compromiso de respecto á natureza.
Misión cumprida: As árbores recuperan a súa forza e conseguimos a terceira peza.

DÍA 4. 29 DE DECEMBRO. O MISTERIO DAS CAMPÁS SILENCIOSAS

As campás da torre deixaron de soar. A mestra dos sons convoca aos habitantes para reconstruír a melodía perdida.
Villancicos navideños: Aprendemos una canción de nadal.

Obradoiro. Instrumentos da vila: Fabricación de pequenos tambores con envases reutilizados e cintas de papel, seguindo o modelo fotográfico; os materiais e as unións serán supervisados.
Obradoiro colectivo: Engadimos os habitantes da vila ao noso mural.

Xogo rítmico: A mensaxe en eco ou o director de orquestra. Un equipo inventa unha secuencia breve de palmas, pés e silencios; o seguinte reprodúcea e engade un elemento, creando unha mensaxe musical colectiva.
Misión cumprida: Interpretamos unha peza colectiva aprendida cos instrumentos e recuperamos a cuarta parte da estrela.

DÍA 5. 30 DE DECEMBRO. A FÁBRICA DAS ILUSIÓNS

As máquinas da fábrica están paradas: só volverán funcionar cando os habitantes inventen e compartan novas ilusións.
Xogo de enxeño: Inventores por un día. Cada grupo recibe tres materiais reutilizables e un reto creativo: idear un xoguete que se mova, gire ou represente un personaxe.

Xogo dramático: Por quendas, unha crianza representa mediante mímica as demais descobren que é e para que serve.
Manualidade: Marcapáxinas con ilusión. Deseño de marcapáxinas decorados con personaxes do Nadal e mensaxes positivas, para regalar.

Obradoiro colectivo: Engadimos os agasallos a cada casa.

Misión cumprida: A fábrica inaugúrase cunha exposición de creacións e entrega a quinta peza.

DÍA 6. 4 DE XANEIRO. A PRAZA DOS BOS DESEXOS

A fonte dos desexos está baleira. Para enchela, a vila necesita xestos de amizade e colaboración.
Dinámica emocional: O correo das boas palabras. Cada participante prepara unha mensaxe de agradecemento, axuda ou ánimo para outra persoa, con debuxos para quen aínda non escribe.
Obradoiro: Bolas dos bos desexos. Elaboración de adornos de Nadal con cartolina, papeis de cores e la, nos que se escribe ou representa un bo propósito.
Obradoiro colectivo: Colocamos os buzóns da vila na que engadiremos un desexo.

Misión cumprida: A fonte brilla coa amizade e obtemos a sexta peza.

DÍA 7. 5 DE XANEIRO. O GRAN DESFILE DA VILA MÁXICA

A vila prepara a chegada dos Reis Magos. Cómpre organizar o desfile e asegurar que todos os personaxes teñan un lugar.
Xogo: Organizamos o desfile. Por equipos faise una pequeña mostra de talentos libre.

Xogo de puntería : Con pelotas ou bolas, superamos varios retos de punteria.

Manualidade: Complementos de festa. Creación de coroas, máscaras ou tarxetas de personaxes con cartolina, papeis reutilizados e decoración libre.

Misión cumprida: Facemos o ensaio xeral do desfile e recibimos a sétima peza.

DÍA 8. 7 DE XANEIRO. A GRAN FESTA DA ESTRELA MÁXICA

Falta unha única peza para que a estrela volva iluminar a vila. Chega o momento de resolver o gran misterio. **Gran xogo final: Os oito recordos da vila.** Percorrido de pistas non competitivo con enigmas vinculados aos días anteriores: mapa, cores, bosque, sons, inventos, amizade e desfile. Cada pista conduce ao seguinte recordo.
Reto colectivo:A estrela incompleta. As crianzas reconstrúen a figura coa sete pezas conseguidas; observan a silueta que falta e interpretan a última mensaxe para atopar a oitava.

Decoración final: A luz regresa. Colocación da estrela completa na parte superior do mural, retoques dos barrios e visita guiada polas creacións feitas durante o campamento.

Festa de despedida: Somos a Vila Máxica. Celebración con música, baile libre, recoñecemento colectivo e entrega de diplomas aos novos habitantes.

Misión cumprida: Reunimos as oito pezas, acéndese simbolicamente a estrela e despedimos a aventura

Posibilidade do seguinte horario:

De 07:15 a 17:30 horas, ou de 10:00 a 14:00 horas.

As actividades que se desenvolverán ao longo do campamento estarán relacionadas coa temática escollida. Será o tema troncal e transversal co que o monitorado traballará nas xornadas do campamento.

Destinatarios: nenos e nenas de idades entre os 3 e 12 anos

Lugar de execución:

CAMPAMENTO – **CENTRO SOCIAL DE VILARRODIS**

Servizos ofertados:

Campamento de 10:00 a 14:00h.

- Madrugadores dende as 7:15h
- Xantar de 14:00h a 16:00h
- Ludoteca de 16:00h a 17:30h
- Transporte

Custo campamento de 10:00 a 14:00h.

32 euros

Custo servizos os 8 días

Madrugadores sen almorzo: 12 euros
Madrugadores con almorzo: 20 euros
Xantar: 32 euros
Ludoteca: 12 euros
Transporte gratuíto

Datas de execución: 22, 23, 28, 29 e 30 de decembro 2026 e 4, 5 e 7 de xaneiro 2027.

O campamento e servizos non se poderá solicitar por días.

Págase polos 8 días de campamento.

CAMPAMENTO LABORATORIO MUSICAL

Requisitos:

- Nenos e nenas de 4 a 12 anos empadroados.
- Non empadroados: confirmarase dispoñibilidade de praza.

Normas xerais de aplicación a esta convocatoria de preinscrición:

- As persoas interesadas poderán formalizar a preinscrición presencialmente nas dependencias de Educación ou a través de correo electrónico (educacion@arteixo.org) do **23 ao 30 de novembro 2026. Deberán poñer no asunto campamento Nadal 2026**
- Deberán adxuntar o impreso de folla de inscrición.

- A formalización da matrícula (solicitude de recibo ao departamento de educación e pago do mesmo) será do **1 ao 4 de decembro**.

TEMÁTICA - LABORATORIO MUSICAL – "Construíndo a música en comunidade"

As/os participantes, participarán en tres propostas de obradoiros diferentes en cada xornada. Os tres obradoiros serán parte dun eixe común, e os traballos desenvoltos en cada un estarán coordinados para conseguir un produto conxunto.

O obxectivo final da actividade, será a creación dunha mostra do traballo desenvolto e por tanto, do produto conxunto anteriormente mencionado: Traballarase a aplicación das novas tecnoloxías na música, desenvolverase a expresión artística mediante a creación do atrezzo así como a expresión corporal e musical.

Nesta ocasión, traballarase como contido "Construíndo a música en comunidade". Dende unha perspectiva lúdica e participativa, a actividade xirará en torno á creación musical colectiva, ao ritmo e as voces da nosa contorna nesta época do ano, facendo fincapé en que a cultura e a música se fan entre todas as persoas.

Destinatarios: nenos e nenas de idades entre os **4 e 12 anos.**

Temporalización:

O laboratorio musical desenvolverase ao longo de 8 xornadas de 4

horas de duración cada unha (de 10:00 a 14:00 horas).

- DECEMBRO 2026: 22, 23, 28, 29 e 30.
- XANEIRO 2027: 4, 5 e 7.

Contidos:

Resúmense no seguinte cadro os obradoiros a desenvolver ao longo das dez xornadas polos/as menores de cara ao obxectivo final: O DESENVOLVEMENTO DUNHA ACTUACIÓN MUSICAL e a súa representación:

BLOQUE DE ACTIVIDADE	OBRADOIROS	CATEGORÍA
BLOQUE 1: TRABALLOS MANUAIS, TRABALLOS PLÁSTICOS, ATREZZO E OUTROS	CREACIÓN DE ATREZZO	ARTES VISUAIS
	CARACTERIZACIÓN	MANUALIDADES
BLOQUE 2: ACTIVIDADES MUSICAIS	EXPRESIÓN CORPORAL	MOVEMENTO
	CREACIÓN MUSICAL	MÚSICA
BLOQUE 3: INFORMÁTICA PARA APRENDIZAXE MUSICAL	CREACIÓN DE BASES MUSICAIS	MÚSICA
	EDICIÓN DE PARTITURAS	MÚSICA

Lugar de execución: CENTRO CÍVICO CULTURAL DE ARTEIXO

Custo :32 euros